

TENSIÓNS NO SISTEMA LITERARIO GALEGO

Tras once edicións (a lonxevidade, nun contexto tan precario como o noso xa é un triunfo), o Ciclo Escritores/as na Universidade vai consolidándose como unha das citas máis interesantes para pensarmos nas tensións do sistema literario galego.

Texto **Rexina Vega**

O obxectivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, entidades involucradas neste proxecto, é achegar á comunidade universitaria e á sociedade en xeral a oportunidade de escoitar as reflexións dos escritores e escritoras galegos. Deste xeito, trátase de crear unha panorámica subxectiva da situación dos xéneros poético, narrativo e teatral en Galicia na actualidade a través das/os súas/seus creadores/as.


A décima primeira edición levou por título “Teoría de contrarios”, pensada como o contrapunto da anterior convocatoria “Afinidades electivas”. Se nesta última o que se procuraba era a afinidade, a lectura entre iguais, trazando paralelismos mesmo entre autores que non se leran previamente, pero que compartían poéticas, nesta ocasión optouse por afondar nos camiños diverxentes, aínda que non necesariamente excluíntes. A seguir podemos ler os textos nos que os creadores participantes substancian a súa opinión sobre a tensión en cada un dos xéneros.

Literatura ou mercado?

Os narradores Susana Sánchez Aríns e Xesús Constela reflexionan sobre a presión actual do mercado no campo da novela. A crise económica, con efectos especialmente devastadoras nas linguas minorizadas, deixa espazo para una narrativa non acomodaticia?

Como escribe Sophia Breyner de Mello Andresen -comeza a súa exposición **Susana Sánchez-**, não é o papel das escritoras falarmos de mercados mas, com fúria e raiva, acusar aos demagogos e ao seu capitalismo das palavras. Eu, entanto escritora não fago parte do sistema econômico, mas do sistema literário, e não me cabe a mim pensar em termos de público ou clientela, mas de leitoras. Creio que em ocasiões excessivas nos deixamos ocupar polas palabras da tribo liberal e aceitamos entrar en debates, definições, con-

A décima primeira edición levou por título “Teoría de contrarios”, pensada como o contrapunto da anterior convocatoria “Afinidades electivas”



Susana Sánchez

Fotografia: Eduardo Castro Bal CC-BY-SA 3.0

ceptualizações do mundo que não são as nossas.

E para isso estamos as poetisas. Para usar a fúria e a raiva contra este mercantilismo.

Porque por trás das palavras reside a ética. E a falta dela. Quando desejamos um mercado, um grande público, que estamos a desejar? Ser uma inditex do romance, um macdonals da poesia, vendendo versos a quilo, pague um e leve três, não vão mui bem costurados mas assim pode remudar por outros na seguinte estação, em que o hendecassilábico será a moda? Quem busca grandes públicos busca a uniformização, a venda por baixo do preço, o usar e tirar: o imperialismo, a escravatura, a história única.

E não. As escritoras não deveríamos estar para isso. O nosso é a fúria e a raiva.

Sempre lembro um comentário de J. C. Moreno Cabrera sobre a entrada de capital privado nas universidades. Grandes descobertas da humanidade nasceram da inutilidade. Da loucura criativa de pessoas que nunca decidiram buscar o sucesso económico. E oferecia dous exemplos: o cinematógrafo dos irmãos Lumière e o avião dos irmãos Wright. Nunca pensaram que os seus inventos acabariam por ser uns dos grandes negócios do século XX. No início os seus experimentos não valiam nada. Não geravam lucro. Eles só buscavam (só!) fazer sonhos realidade: mover estáticas fotografias, voar. Como na literatura. Grande assunto entre os inúteis. Duvido que Neira Vilas escrevesse as suas *Memorias dun neno labrego* buscando um best-seller. Ou que o buscasse J.K. Rowling quando escreveu *Harry Potter*. Ambas buscavam outras cousas. E encontraram o sucesso. Buscar o rendimento económico numa atividade criativa é mercantilismo, não literatura.

Porém, não sou cega e sei em que mundo habito. Sei que o lucro rege as empresas. Sei que devem lidar com um catálogo, nunca uma biblioteca. E com produtos, não com obras. E com produtoras, nunca autoras. E eu, que não sou cega, e observo, ademais, desde a margem, vejo marcada uma rota errada: a de imitar o modelo inditex, aquele que busca grandes públicos uniformes e fardados em baixa qualidade.

Não somos uma literatura hegemónica. Não contamos com esse grande público. Não podemos oferecer o mesmo que as grandes editoras do sistema espanhol, imediatas competidoras, da cultura de mas-

sas americana, grande dominadora. Sendo comércio de bairro não podes oferecer os mesmo produtos que a grande cadeia comercial, se queres sobreviver. Tens que oferecer qualquer cousa diferente: trato personalizado, histórias artesanais, produtos de alta qualidade, aqueles que não podes encontrar no amações dos livros. E ademais, algumas não queremos, que temos outra ética: como bem explica Chimamanda Adichie, temos direito a não ser protagonistas de uma história única. Devemos, já que somos sistema (literário) por construir, aproveitar para oferecer um cânone diverso, que fuja do macho branco europeu. Podemos construir um catálogo, uma biblioteca galega, que ofereça ao mundo vozes diferentes, e não um mais do mesmo e por cima mais caro.

E o caminho são as alianças com as outras culturas pequenas, as outras tendas de bairro que no mundo há. Traduzir as que não foram traduzidas. Esquecer os senhores europeus já tão vistos. Buscar palavras que nos contem um mundo diferente e dar com Ngahua Te Awakotuku, como nos passou n'A Sega. Uma escritora com quem nunca dardes em Zara. Oferecer as nossas vozes buscadoras de sonhos, não de lucros. E encontrar, quiçá, o brilho azul da pechblenda, como aconteceu a Marie Curie.

Nada parece fuxir da gadoupa dos mercados nestes tempos que nos tocan —apunta na sua intervención **Xesús Constela**—, e non ía ser unha excepción a literatura, que igual que o resto das artes, é un círculo que se pecha sobre si mesmo: un/ha autor/a é consumi-

“Sendo comércio de bairro não podes ofrecer os mesmo produtos que a grande cadeia comercial, se queres sobrevivir

— Susana Sánchez

Xesús Constela

dor/a antes do proceso creativo que o/a leva a crear unha obra que vai acabar nas mans doutro/a lector/a, e dentro dese proceso pódese escribir tendo só en mente a maior ou menor cota de mercado que vai acadar a obra finalizada (a procura do *best seller*) ou pódese arriscar para tentar facer achegas (na forma ou no contido) que contribúan á sempre necesaria evolución do fenómeno literario. (De non ser polos grandes innovadores da arte aínda estaríamos a pintar bisontes en covas.)

Dentro dun/ha escritor/a abrolla un manancial que o/a leva a abrir unha saída que permita que a auga alcance o exterior. Iso, e non outra cousa, é o proceso polo que nace unha obra literaria. Deseguido vén

a edición (a chegada da obra ao/a lector/a). Cómpre dicir, no noso caso, que as editoriais xogaron un papel sobranceiro en tempos difíciles nos que publicar en galego era un acto de fe (ou militancia, se se prefire), pero a día de hoxe quedan moitos pasos por dar, porque padecemos unha eiva considerable en todo canto atangue á promoción da obra literaria. O sistema necesita aprender a sobrevivir ao continuo desleixo institucional, polo que cómpre investir (tempo e diñeiro) na consolidación dun público (dun mercado) que lle achegue unha necesaria estabilidade. Dito doutro xeito, ou procuramos lectores/as ou

sucumbimos a nós mesmos/as, condenados/as a desaparecer por moita calidade que teña o produto que comercializamos. Temos que saber facernos un lugar no interior (para non depender das lecturas do ensino obrigatorio) e no exterior (na exportación), para podermos descubrir vieiros que permitan acadar unhas cotas mínimas de profesionalización no sector que acheguen dignidade ao proceso da creación literaria, ou acabaremos coma os trobeiros occitanos, todos moi bos pero todos mortos.

Para a prensa de maior tirada do país (altamente subvencionada polos mesmos que negan cartos á edición) adoita ser máis importante o nacemento dunha tenreira de cinco patas que a publicación dunha obra de grande calidade literaria, e iso por non falarmos do eco que eses mesmos medios fan de todo o lixo (anglosaxón na súa maioría) que nos invade (e que moitos/as pretenden imitar, convencidos de que a publicación dun *best seller* ao modo americano é o mellor que lle pode pasar á literatura de aquí). E os casos da radio e a televisión son aínda peores. Os programas de libros (de existir) divúlganse a horas intempestivas cunha audiencia potencial de somnambulos desesperados.

Pero malia todo canto veño de dicir, non quixera deixar no/a lector/a o máis mínimo pouso de pesimismo. A nosa literatura está nun momento magnífico, e é moi importante que os/as autores/as nunca pechemos a billa que deixa fluír as enxurradas de ideas que xorden dos nosos mananciais interiores. Mais o mercado, ulo (noso) mercado literario? Iso xa é outra cuestión!



Fotografía: Santos Díez CC-BY-SA 3.0

T
cultura



DENDE 1981 AO TEU CARON

CAMPAÑA RENTA 2016

ESTE ANO, SE FAS UN SEGURO DE VIDA-RIESGO DUNHA PRIMA ANUAL DE 300,00 €, FACEMOS A TUA DECLARACION GRATIS

síguenos en



www.rafra.com

info@rafra.com

Iolanda Zúñiga

Poesía ou performance?

Iolanda Zúñiga e Silvia Penas deitan luz sobre unha soterrada pelexa, entre dúas concepcións do fenómeno poético: aquela que o expande e o fai hibridarse con outras linguaxes artísticas e aqueloutra que o fecha na textuali-

“Se algo fun é unha narradora que ve na voz e na expresión corporal ferramentas para vigorizar os seus textos. Que tal, logo, se o deixamos en que son “comunicadora”?”

—— Iolanda Zúñiga

narme e asumir como inevitable ese proceso de reflexión que supón ir soldando un relato a lombos dunha páxina en branco dun xeito máis ou menos atractivo para un oínte, que, na maioría dos casos, acabou sendo lector, pois dificilmente o público atura que lle conten en voz alta unha novela. En resume, diría que a raíz dunha carencia, desenvólvin un oficio.

No encontro da Universidade de Vigo, ao que fomos convocadas pola AELG Silvia Penas e mais eu, puxemos enriba da mesa varios termos para determinar se o noso quefacer nun escenario, ou nunha canle de YouTube, podía definirse como “performance”. Primeiro falamos de “improvisación”. No meu caso, é inexistente. Non poden ser consideradas como tal as interrupcións que se dan por causa dos erros: lapsos ou traspés na pronuncia. Tamén sopesamos o termo “provocación”. Persoalmente, entendo que o cometido da creación é sacudir as consciencias, ou as entrañas, dun público. Non son ningunha filántropa entregada a un labor social; trátase de egoísmo: non gozaría cunha mensaxe máis aséptica. E canto hai de “liberación”? Todo. E remítome á cuestión anterior.

Fronte á impotencia que me supón non poder resolver certos temas, escribo sobre eles. E se a “performance” vai ligada á “estética”, que porcentaxe desta hai nos nosos proxectos? Xunto coa necesidade da provocación, o motivo dos meus textos non é outro que o de facer literatura (ou aproximarme a ela). Con respecto á “posta en escena”, digamos que, no meu caso, non é un aspecto central, pero tampouco a

dade reivindicada como valor. Dúas poetas no gume: poesía ou performance?

Para as que nos sentimos máis identificadas co termo “comunicadoras” que co de “escritoras” —arrancou dicindo **Iolanda Zúñiga**—, as palabras e os seus xiros, malia elixilos cun empeño artesán, non nos abandonan. Buscamos avivar o relato e excarceralo dese estatismo inherente á páxina. Supoño que o de achegármonos á “performance” ou “acción artística” ou “mostra escénica” ou “pronunciar o texto axudada dun micrófono e unha dicción modulada” (este é o meu caso), sácanos esa necesidade.

Como eu non nacín con talento para transmitir a tradición oral nin para contar historias a golpe de guión apresurado, ensaio e improvisación, vinme obrigada a pasar pola folla escrita. A investir tempo e esforzo en narrar coa maior coherencia e, sobre todo, rigor estético posible, os meus textos. Debín resig-



Silvia Penas e Iolanda Zúñiga Ciclo de Escritores/as na Universidade

Silvia Penas



Fotografía cedida por Silvia Penas

descoido. Por último, acordamos mover os marcos dos “límites”. Cales son? A quen corresponde a etiquetaxe? Quen os precisa? Concluimos que, a nós as dúas, non nos coarta esa indefinición na creación.

A min, como obreira da escrita, obrigáronme a levantar tabiques. Obrigáronme a elixir estada e a definir-me. Sempre defendín que non son poeta, aínda menos “artista performática”. Se algo fun é unha narradora que ve na voz e na expresión corporal ferramentas para vigorizar os seus textos. Que tal, logo, se o deixamos en que son “comunicadora”?

Quixo botar man **Silvia Penas** da palabra xusta que describe e argumenta —a poesía produce coñecemento— a súa maneira de entender e tamén a súa maneira poética de dicir a dicotomía poesía/performance.

Que o poema non ten dono dixo
que non se pode domear,
que se por exemplo
te aproximas á saída éntrache pola outra porta.
Tan campante
Tamén dixo que o poema existe sempre na forma das mans
que se fechas as mans tórnase redondeado
que o poema ten ademais de palabras moitos outros
elementos compostos á súa vez entre palabras e non palabras
imos chamarlle para entendernos non palabras
á curva das cadeiras, o curso do río, unha boca en carne viva
o rozamento de dous obxectos que xamais estiveron en contacto

Ao que non se parece nada o poema é ao corazón
porque non respira sempre con igual compás dixo
e iso lembrareino de por vida, o que dixo do corazón
porque eu pensaba o contrario
dixo que se fas unha ponte entre as miradas
o poema atravesa as paredes das palabras
e das non palabras
e entra nun lugar escuro e deshabitado chamado consolo e que moitos outros chaman auxilio
e algunhas persoas dinlle beleza
que se botas a correr cando o poema está parado
pode ter un efecto sorprendente no espectador
e diferente, moi diferente na espectadora.
Que botar un poema a pacer ten os seus riscos
porque non reconece nunca as extremas
e aparece noutro sitio
pódese volver por exemplo un envoltorio
que o neno aplasta con ansia baixo os pés
e o meniño crece e o poema
queda prendido entre o longo e largo do número 32
daquelas botas de goma para sempre.
Cando dixo isto lembrei aquel cura que lle
contara ao meu pai que Deus estaba
tamén nun paraugas: a omnipresencia, intermedia, do poema
Entón dixo que o poema é de carne e óso
e de moitas outras especies e materias
pero que nunca é de tinta como algúns sosteñen
que a tinta é escura e o poema precisa de luz
que o poema non ten dono
que non se pode domear
que se lle puxo o poema na lingua
e cantou o poema
despois quedou sen voz
e camiñou o poema
as pernas falláronlle
e riu o poema a todo volume
escachou totalmente o poema coa risa
é dicir, rompeu o poema ás gargalladas
e nelas estaba o poema
cando as abas dos labios cederon
respirou o poema
e mesmo cando ía deixar de respirar
aínda dixo e todo isto que dixo non o dixo con palabras:
que o poema estaba sendo
e que aterecía de frío e
ao mesmo tempo ardía en chamas



Avelina Pérez

Drama ou posdrama?

A sesión dedicada ás artes escénicas, e que contou coa presenza de **Manuel Lourenzo**, achegouse á tensión entre drama e posdrama na actual escena galega. A concepción tradicional do texto vese asaltada por unha visión contemporánea na que desaparece a estrutura argumental e se dinamitan as xerarquías da representación. Deixamos aquí o testemuño dunha das protagonistas, a dramaturga emerxente, e posdramática, **Avelina Pérez**.

A palabra “contrarios” *asusta* un pouco, quizais pola sensación – errada – da necesidade da defensa dunha determinada visión, ou, o que é peor, dun determinado *posicionamento*.

Pero nada que ver coa realidade a impresión desa palabra que pode levar mentalmente á oposición. E menos cun tema como pode ser o POSDRAMA, que en si mesma *conta cun conflito interno* mesmo para os que nos dedicamos a *isto do posdramático*.

E inda menos se temos enfronte un mestre coma Manuel Lourenzo, que xa na cafetería mostra un dos seus textos teatrais, dos anos 80, cunha estrutura fragmentaria e que nada ten que ver co drama.

Entre sorbos de café xa coincidimos na necesidade na escena de: carne, forza, e a necesaria fuxida da frivolidade. Desde aí todo o demais ...

Eu non son unha teórica do teatro, defínome como *teatreira* pola miña faceta de actriz, directora de escena e dramaturga, polo tanto o que podo achegar a esta reflexión posdramática á que fun convidada é o meu facer fronte ao feito teatral.

POSDRAMA é un termo acuñado por Hans-Thies Lehmann, nos anos 90 para dar nome a un teatro xa existente, un teatro que –simplificando– vai máis aló do drama, que crea un campo de tensións na propia posta en escena entre os elementos e que polo tanto, froito desta tensión, o resultado dista dese teatro imperante no que os códigos da escena van en función da representabilidade do texto, ocupando este un lugar prioritario nunha xerarquización dos elementos.

E si, a miña forma de mirar o teatro, as miñas creacións –e o mesmo acontece cando son espectadora– é xustamente a busca dun lugar que se afaste *da zona de confort* e da necesidade de dar un tratamento

Eu non son unha teórica do teatro, defínome como *teatreira* pola miña faceta de actriz, directora de escena e dramaturga, polo tanto o que podo achegar a esta reflexión posdramática á que fun convidada é o meu facer fronte ao feito teatral”

Avelina Pérez ———

clásico e, sobre todo, que permita a acomodación da creación. Vén sendo ter clara a posibilidade de espremer desde escena as relacións dos elementos, comezando sempre coa miña relación propia con ese traballo teatral que vou levar adiante.

O meu esforzo, ou quizais desexo, é situarme desde unha postura na que os campos de tensión que están presentes, primeiro no proceso de investigación e logo na decisión desa posta en escena procuren unhas relacións de forzas determinadas que se afasten do que podería ser unha representación na que transitar un percorrido lineal.

Isto permite unha maior liberdade, ao menos a min, e á vez o encontro con determinados lugares descoñecidos, e non esperados –ás veces tamén desesperados– inda que tamén dificulta a relación co espectador maioritario, e xa non hai moito espectador que digamos...

Realmente non sei ben o que fago, non sei poñerlle nome. Nas miñas creacións existen elementos do drama, si, amarro todo o que teño ao meu alcance para dar esa forma final a un *algo* que, polo que sexa, desexo poñer en comunicación co outro... o único que teño claro que fago é: teatro.